

Mallas a falta dun paso de fauna

A Oma pide un acceso subterráneo para evitar a mortalidade dos anfibios



M. P.-C. | Vigo

As mallas e as trampas plásticas seguen instaladas fronte á lagoa de Humanidades, da outra banda da circunvalación, malia que a tempada de desove teña rematado. As choivas da última semana provocaron a saída dalgún sapo adiado no seu impulso reproductor. Cada ano os exemplares adultos destes anfibios inician na primavera un arriscado descenso, no que decote a femia carga co macho, dende a aba do campus ata a charca próxima á Facultade de Filoloxía. O traxecto implica atravesar o concurrido vial que rodea as Lagoas-Marcosende, toda unha fazaña que frecuentemente acaba fatalmente baixo as rodas dos vehículos. Pese ao dispositivo despregado pola Oficina de Medio Ambiente que captura os animais para trasladalos manualmente, as vítimas da circunvalación contabilizados no que vai de ano ascenden a 52, cifra moi inferior, sen embargo, á do 2003, 194; ou a do 2002, 635. Unha vez nados, os individuos xuvenís os técnicos da Oma os cruzan ata o outeiro no que permanecerán os seguintes 12 meses. No curso pasado foron case 6000 os cativos recollidos.

Vella demanda

A construción dun paso subterráneo para anfibios é unha vella reivindicación da Oma, formulada incluso antes da realización da estrada, que, sen embargo, foi denegada. Pola contra outros puntos do percorrido do vial si contan con camiños de acceso para fauna como os de Fontecoba, Marcosende e Vilariño, este último empregado tamén polos veciños da zona incluso para o paso de tractores. Os túneles son empregados por pequenos vertebrados como donicelas ou raposos, e por anfibios como tritóns ou salamántigas.

Perante o temor da extinción da poboación de sapos das Lagoas-Marcosende, a Oficina de Medio Ambiente volveu solicitar do enxeñeiro xefe do servizo provincial de estradas a localización dun paso para anfibios á lagoa de Humanidades, en febreiro e en maio do 2003 sen obter ata o de agora resposta.